

XXXII DOMINGO ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA 1 Re 17, 10-16

Lectura do libro primeiro dos Reis

Naqueles días, foi o profeta Elías á Sarepta e, ó entrar pola porta da cidade, viu alí unha muller viúva, que estaba xuntando guizos. Elías chamou por ela e díxolle: - "Fai o favor e vaime por unha pouca auga na xerra para beber".

Mentres ía ela collerlla, Elías chamouna e díxolle: - "Tráeme tamén, se podes, na túa man un anaco de pan".

Ela díxolle: - "Pola vida do Señor, teu Deus, que non teño pan ningún. Quédame só na tina unha presa de fariña e unha pinga de aceite na aceiteira. Ves que estou apañando guizos. Irei preparalo para min e para o meu fillo. Comerémolo e despois teremos que morrer".

Díxolle Elías o texbita: - "Non teñas medo. Anda e fai como dixeches. Pero primeiro prepara un panciño con iso e tráemo a min. Despois xa prepararás para ti e para teu fillo. Pois isto di o Señor, Deus de Israel: A tina de fariña non se acabará e a aceiteira do aceite non minguará, ata o día en que o Señor mande a chuvia á terra".

Foi ela face-lo que Elías lle dixera. E comeu el, ela e seu fillo, moito tempo, 16sen que se acabase a fariña da tina nin minguará o aceite na aceiteira, como dixera o Señor por medio de Elías.

SALMO RESPONSORIAL Sal 145, 7. 8-9a. 9bc-10

R/. (1): **Loa, alma miña, o Señor.**

Ou: **Aleluia.**

O Señor garda por sempre a súa fidelidade:
failles xustiza ós oprimidos
e dálles pan ós famentos.
O Señor libra os cativos.

O Señor abre os ollos dos cegos,
o Señor endereita os dobrados,
o Señor ama os xustos.
O Señor protexe os forasteiros.

O Señor sostén os orfos e as viúvas,
extravía os camiños dos malvados.
O Señor reina eternamente,
o teu Deus, Sión, por xeracións e xeracións.
Aleluia.

SEGUNDA LECTURA Heb 9, 24-28

Lectura da carta ós Hebreos

Irmáns: Cristo non entrou nun santuario de feitío humano, copia do verdadeiro, senón que entrou no propio ceo, para poder presentarse agora diante do mesmo Deus a favor noso; e non para repetir moitas veces o seu propio sacrificio, como fai o Sumo Sacerdote, que entra cada ano no santuario levando sangue alleo, porque, se así for, debería ter sufrido moitas veces desde a creación do mundo; pero agora manifestouse dunha vez para sempre, no derradeiro período da historia, para acabar co pecado polo sacrificio de si mesmo.

Como o destino de todo home é morrer só unha vez e, a continuación da morte, vén o xuízo, así tamén Cristo, despois que se ofrendou para quita-los pecados, aparecerase por segunda vez, agora sen relación co pecado, para salva-los que o están agardando con ansia.

EVANXEO Mc 12, 38-44 (longa)

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, Xesús ensinaba á xente dicíndolles: - ¡Coidado cos letrados! Gustan moito de se pasearen con vestidos fáchendosos, e que lles fagan reverencias polas rúas; buscan os primeiros postos nas sinagogas e mais nos banquetes. E acábanlles cos bens ás viúvas, facéndose os piadosos. Pero serán xulgados como lles cómpre.

Sentado fronte por fronte da sala do tesouro, ollaba para a xente que botaba cartos no peto. E moitos ricos botaban con fartura. E nisto viu unha viúva pobriña botar uns céntimos nada máis, unha miseria coma quen di. Entón chamou os seus discípulos, é díxolles: - Asegúrovos que esa pobre viúva botou máis cós ricos todos. Pois eles botaron o que lles sobraba, pero ela na súa pobreza, botou todo canto tiña para vivir.

Ou: 41-44 (máis breve)

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, sentado Xesús fronte por fronte da sala do tesouro, ollaba para a xente que botaba cartos no peto.

E moitos ricos botaban con fartura. E nisto viu unha viúva pobriña botar uns céntimos nada máis, unha miseria coma quen di. Entón chamou os seus discípulos, e díxolles: - Asegúrovos que esa pobre viúva botou máis cós ricos todos. Pois eles botaron o que lles sobraba, pero ela na súa pobreza, botou todo canto tiña para vivir.